



**Confederación Intersindical Galega**  
BANCA, AFORRO, SEGUROS E OFICINAS

**CONVENIO DA BANCA PRIVADA**  
*Comunicado nº 9*

## **Reflexión... para que?**

Rematadas as reflexións sobre as distintas propostas tanto sindicais como patronais, e non dando máis de si a Mesa Negociadora, a Patronal comprométese a traer unha nova proposta de convenio para o día 20 de xuño.

**Dende a CIG, na reunión de hoxe, insistimos na necesidade de ter unha proposta seria que leve implícito un incremento salarial con revisión do IPC con carácter retroactivo e unha redución de xornada en sábados libres.**

**De non darse estes mínimos,** que son unha necesidade que os traballadores e traballadoras de banca veñen reclamando de continuo, e que, nalgún caso como no asunto da libranza dos sábados, incide directamente na Conciliación da vida laboral e familiar, **a CIG non asinará este convenio.** Moito menos aínda, cando se obvian outros temas da nosa plataforma que tamén consideramos importantes.

Así pois, consideramos que a proposta da AEB, unha vez máis, será un acordo de escaso contido social, e aínda por riba quedaremos hipotecados nada máis e nada menos que por 4 anos.

Galiza, 7 de xuño de 2007

